

**ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA EXCURSIÓN
IMOS DE AVENTURA ABRIL 2022 (EXPEDIENTE 1785/2022)**

Visto o expediente para a convocatoria dunhas bases para excursión “Imos de Aventura” Dentro do programa cultural “Inquedanzas Culturais, Mocidade en Movemento”, informase do seguinte:

ANTECEDENTES:

A Concellería de Cultura do Concello de Boiro no seu compromiso coa mocidade de Boiro, durante este mes de abril opta por desenvolver unha programación cultural, dirixida principalmente a xuventude coa creación do programa “Inquedanzas Culturais, Mocidade en Movemento” dando cabida as propostas realizadas por colectivos de mocidade do Concello .

Vista a dilixencia de existencia de crédito da Intervención municipal, que obra incorporada á presente proposta.

Vista a conformidade do técnico do departamento de Cultura que figura na presente proposta.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local no uso das atribucións conferidas pola Alcaldía por medio de Resolución num 607/2019 do 09/07/2019 (BOP núm. 137 do 22/07/2019),
PROPONSE A Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ás seguintes bases polas que rexerán a excursión “Imos de Aventura” e aprobar o Anexos I (Inscrición)

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe de 1.261,70€ destinados a realización da excursión

TERCEIRO.- Comprometerse a dotar o crédito necesario para a realización deste gasto con cargo ao crédito dispoñible da partida 334/22609 do Orzamento vixente.

CUARTO.- Publicar as presentes bases no taboleiro de edictos e na web do Concello a efectos da súa publicidade.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

CONCELLO DE BOIRO

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA EXCURSIÓN “IMOS DE
AVENTURA” DO CONCELLO DE BOIRO PARA O DÍA 30/04/2022**

I. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria para a participación na Excursión “Imos de aventura” convocada polo Departamento de Cultura do Concello de Boiro e que se realizará o día 30 de abril de 2022.

II. PROGRAMA



Os participantes nesta excursión desfrutarán de un día de actividades realizando paintball pola mañá e unha procura do tesouro polas rúas de Santiago de Compostela pola tarde.
A excursión dará comezo ás 10:00 horas na parada de bus diante da casa da cultura, e seguirá o seguinte horario:



Horario	
10:00	Saída
11:00	Chegada as instalacións de Paintball en Cacheiras
13:45	Saída a Santiago de Compostela
14:00	Chegada a Santiago de Compostela e tempo libre para comer.
17:00	Procura do Tesouro pola zona vella de Santiago
19:00	Remate do Xogo e tempo libre
20:00	Saída de regreso a Boiro

O Concello responsabilízase dos seguintes gastos:

- Transporte de todas as persoas participantes
- Monitores
- Gastos da realización das diferentes actividades a realizar ao longo do día.

As persoas participantes que resulten beneficiarias deberán cubrir a inscrición e cumprir con todas as condicións impostas polo Concello de Boiro, entregando a documentación requirida en prazo.

III. NÚMERO DE PRAZAS

O número de prazas convocadas polo concello de Boiro é de **20 (vinte)**

IV. DESTINATARIOS

Rapazas e rapaces empadroadas/os no concello de Boiro con idades comprendidas entre os **13 e 20 anos** inclusive (cumpridos a data da realización da actividade)


V. SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude de preinscrición cubrindo un formulario na páxina web do Concello de Boiro (www.boiro.gal)

O prazo para presentar as solicitudes de preinscrición será os 3 días seguintes a publicación destas bases no taboleiro de anuncios do Concello

Para as solicitudes de preinscrición non é necesario presentar ningún tipo de documento nin ficha, soamente cubrir os datos na páxina web.

En todo caso, debe constar un número de teléfono de contacto da nai, pai ou tiro do menor e mais un enderezo electrónico.



No caso de que se presenten mais solicitudes que prazas, procederase a asignar a orde de adjudicación segundo a puntuación obtida atendendo aos seguintes criterios:

1. Formar parte do grupo de Voluntariado Turbina (5 puntos)
2. Realizar actividades de voluntariado nalgunha outra entidade (2 puntos)
3. Colaborar nalgún evento en colaboración co Concello (2 punto)
4. Estar empadroadado no Concello de Boiro (1 puntos)

VI. LISTAXE PROVISIONAL

A listaxe provisional de solicitudes publicarase o día 21 de abril de 2022. Posteriormente, abrirase un período de emenda de erros que remata o día 23 de abril de 2022. As alegacións presentarase no seguinte enderezo electrónico: jaime.bello@boiro.gal ou na sede electrónica (ATT 600 Cultura/ Asunto: Excursión "Imos de Aventura")

VII. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA

A listaxe definitiva publicarase o día 26 de abril do 2022.
Todos os solicitantes que non obtivesen praza pasarán a formar parte da listaxe de agarda.

VIII. FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓNS

Do 26 de abril ao 28 de abril de 2022 a través do correo electrónico jaime.bello@boiro.gal ou na sede electrónica (ATT 600 Cultura/ Asunto: Excursión "Imos de Aventura") deberase formalizar a matrícula, segundo as normas e documentación solicitada polo Concello de Boiro. En caso de non presentar a matrícula entenderase que se renuncia á praza, e adjudicarase as prazas vacantes seguindo a listaxe de agarda.

Para inscribirse será necesario:

- 1- Ficha de inscrición do Concello de Boiro con autorización cuberta (en caso de menores de idade) por nai, pai ou titor legal. (Anexo I)
- 2 - Copia do DNI
- 3 - Copia da tarxeta sanitaria
- 4 - No caso de tratamento específico ou doenza que sea necesario ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. Importante facer constar as alerxias alimenticias ou de calquera outro tipo no formulario de inscrición.

IX. PUBLICIDADE DAS BASES

As presentes bases e demais publicacións, serán publicadas na web e no taboleiro do Concello de Boiro.

X. RESPONSABILIDADE

O Concello de Boiro non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen os/as participante

XI. DEREITOS DE IMAXE

O Concello de Boiro resérvase a potestade de fotografar e/ou gravar aos participantes, así como a utilización das imaxes para promoción e difusión do evento

XII. INFORMACIÓN RELATIVA AO TRATAMENTO DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.



O presente artigo ten como obxectivo dar cumprimento ao establecido na normativa de protección de datos en canto á información que debe facilitarse ás persoas interesadas.

En virtude diso infórmase:

- a) Ten a condición de responsable do tratamento o Concello de Boiro.
- b) A finalidade para o tratamento de datos persoais e a Excursión “Imos de Aventura, tendo como bases de lexitimación xeral as seguintes:
 - b.1) Estarán lexitimados polo interese público os tratamentos de datos realizados para a xestión da excursión.
 - b.2) Base de consentimento do interesado para participar no Excursión imos de aventura
 - b.3) Base de interese lexitimo a Publicación imaxes dos participantes nos medios de comunicación dependentes do Concello de Boiro nos termos que marca a disposición adicional sétima dá Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro , de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais..

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais a mediante escrito dirixido a Concello de Boiro con sede na Praza de Galicia, s/n, 15930 – Boiro.

A persoa interesada ten dereito a contactar ou reclamar diante do Delegado de Protección de Datos cuxos datos de contacto son: Ramón Santos Pérez (ramon@nossoluciones.es)

Así mesmo, no caso de que entenda vulnerado o seu dereito á protección de datos, a persoa interesada ten dereito a reclamar diante da Axencia Española de Protección de Datos a través dá sede electrónica accesible na páxina web <https://www.aepd.es/>

XIII. ACEPTACIÓN DOS PARTICIPANTES

A participación nesta excursión implica a aceptación das presentes bases.



ANEXO I

Folla de Inscripción Excursión “Imos de Excursión

I. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos

DNI

Data de nacemento

Empadroado en Boiro

Si Non

Teléfono

Enderezo/Concello

CP

Cubrir en caso de menores de idade

Nome e apelidos nai/pai/titora legal

DNI

Teléfono

Enderezo electrónico

II. DESCRICIÓN

Solicito a inscrición para a participación na actividade IMOS DE AVENTURA levada a cabo polo Concello de Boiro o día 30 de abril de 2022.

AUTORIZO ao monitorado a que, no caso dunha emerxencia médica, poida trasladar á nena ou neno arriba citado ao centro de saúde ou hospital.

AUTORIZO ao Concello de Boiro a que consinta a toma de fotografías e a gravación de imaxes nas actividades nas que apareza o neno ou nena, ben individualmente ou en grupo. A difusión das imaxes e sons a través de medios de comunicación audiovisual, redes sociais, xornais ou pasar a formar parte do arquivo do Concello de Boiro para a súa utilización en campañas de promoción. En todo momento serán respectados os dereitos da infancia.

SI NON

AUTORIZO ao Concello de Borio a comprobación do Padrón. SI NON

Asinado
(nai/pai/titor/a legal no caso de menores)

En _____ a _____ de _____ 2022

Información relativa ao tratamento de datos persoais

